

## Aurora Marco deulle vida a máis de 400 mulleres anónimas

A escritora presentou en Ribeira o seu libro «Elas», no que recompila a biografía de auténticas loitadoras

J.M. JAMARDO  
RIBEIRA/LA VOZ

Estaba contenta, Félix. Non era para menos. A escritora Aurora Marco presentaba o venres á noite en Ribeira o seu último traballo, e quizais o máis importante, *Elas*, un volume de luxo no que ademais participan oito artistas galegas con 16 serigrafías realizadas, como a propia obra, a modo de magna homenagem á muller galega ao longo da historia.

O acto tivo lugar no centro cultural Lantres Rivas, que estaba atestado de público, e estivo organizado por Xandrea Editorial, en colaboración co Consello de Ribeira e a asociación Barbanza. Foi unha velada agradable e moi agraciada. O público gozou coas explicacións da autora, que foi debullando con seguridade todo o proceso de recollida dos datos de centos de mulleres, moitas delas anónimas, que foron moi importantes no desenvolvemento de Galicia.

### Moltas gabanzas

A conselleira de Cultura, Fabiola García, o presidente de Barbanza, Xosé Lallo, o alcalde, Manuel Ruiz, e o editor, Xosé Manuel Cabido, non repararon en gabanzas para a autora polo seu traballo. O acto contou coa actuación do grupo Barabánda.

O momento estar da noite foi a emotiva intervención da escritora. Salientou que procurou ato-

par mulleres anónimas de diferentes orixes e condicións, aquelas que sempre tiveron dificultades na súa vitalización.

A investigadora comentou que neste traballo fixo da idea de diccionario, que xa fixera noutro libro, para sacar á luz figuras menos coñecidas.

Na súa intervención fixo referencia a algunhas mulleres da comarca, a maioría das cales chegaron a ela a través da información oral procedente de familiares e coñecidos. Alínda que no volume hai máis, Aurora Marco falou da semente Antonia de La Torre, que morreu no 1909 e que estivo toda a súa vida. 48 anos, de mestra en Frades, onde ademais de facer un labor educativo, tamén fixo un gran traballo a nivel social. A escritora comentou que a recollida de información deste personar non lle custou nada pois os seus homes críanse cos días. Tamén falou de Carmen Pérez, unha noieira que foi a primeira muller armadora e que dirixiu Naveas Barcin. Tamén tivo un recordo especial para a ribeirense Xosé Seo, que viviu case toda a súa vida en Cangas e tivo 18 fillos. O seu principal traballo foi de carpideira nos enterros.

### Exposición dos cadros

Ao mesmo tempo que se presentaba o libro inaugurábase a exposición que o acompaña con 16 cadros. Cada un deles dá unha visión da vida e obra das mulleres galegas, e foron realizados polas mesmas artistas que deixaron a súa pegada en *Elas*. Os traballos poderán verse ata o 26 deste mes de novembro.

Na obra hai un longo percorrido feito por mulleres de diversos estratos sociais que realizaron un importante labor en todos os campos.



A autora, co editor, non puido conter as bágoas durante a presentación do traballo. FOTOS: MANUEL ORO



**Edición de luxo** «Elas» é unha edición de luxo, limitada a 155 exemplares de tirada mundial; cada obra está acreditada por unha acta notarial, numerada do 1 ao 155. Firmada por José Antonio Canad Goyanes. As 16 serigrafías que completan a obra, dúas por pintora, fixéronse en papel convector de 300 gramos cun formato de 47 X 35 centímetros para garantir a máxima calidade no traballo final.



Manuel Ayuso e Manuel Ruiz observan os traballos da mostra que se expón no Lantres Rivas.